



Estimados pais:

Comunicámosvos que o DOG do 13 de novembro publica a *Orde do 6 de novembro de 2020*, pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Resumo da Orde, que poden consultar no [portal educativo da Xunta](#):

### **Alumnado destinatario:**

O alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial que, de acordo coa Orde do fondo solidario de libros de texto no curso 2020/21:

1. Fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar.
2. Non fose beneficiario de axuda por diferentes circunstancias, pero:
  - a) Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
  - b) Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda da unidade familiar.

### **Presentación de solicitudes:**

Deberán presentar solicitude os pais que non presentaron solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultou excluída.

**Non terá que presentar solicitude o alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2020/2021.**

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no centro docente utilizando o formulario normalizado ([anexo I](#)) dispoñible no centro docente ou na [sede electrónica da Xunta](#).

**O prazo de presentación das solicitudes será ata o 26 de novembro.**

### **Documentación:**

- Solicitude (anexo I)
- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Fotocopia do libro de familia, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias alegadas.